



Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Santiago de Compostela para que *de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo conteste expresamente ao escrito presentado polo promotor deste expediente de queixa se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, os escritos presentados pola cidadanía*

Expediente: C.8.Q/14681/23

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2025

Sra. alcaldesa:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX referente aos danos producidos na súa vivenda pola falta de limpeza do río Sar e os atrancos na Ponte de Suarribas.

#### ANTECEDENTES

O escrito inicial remitido pola persoa promotora indicaba que:

*“ XXX, DNI , con domicilio en la XXX, 15702, Santiago de Compostela, tfno. XXX; ante el Valedor respetuosamente comparezco y*

*EXPONGO:*

*1º/ Que soy propietario de las viviendas sitas en la XXX y XXX de esta ciudad de Santiago. Se encuentran situadas en las proximidades del Rio Sar según se puede observar en el plano de la Dirección General del Catastro que se acompaña. Documento número 1.*

*2º/ El 20 de diciembre de 2022 debido a encontrarse el Puente de Suarribas próximo a mi domicilio atascado por maleza y por la falta de limpieza se produjo una inundación en mi vivienda por lo que requerí la presencia de la Policía Local de Santiago que instruyó el correspondiente atestado policial en el que figura que sobre las 5,30 horas del día*



*21 de diciembre se realizó una inspección policial en la Rúa Suarribas -oficial con carné profesional número 259187- para controlar el puente pudiendo observar que se encontraba parcialmente atascado por maleza, ramas, etc.. efectuando diversas fotografías de la zona y del domicilio indicado. Documento número 2 Atestado policial.*

*3°/ A la fecha de la citada inundación 20 de diciembre de 2022 tenía contratada una póliza de seguro de hogar con la compañía Línea Directa Aseguradora -asegurado XXX DNI XXX hija del exponente-. De manera inmediata di parte al Consorcio de Compensación de Seguros, causa de los daños Inundación Extraordinaria, fuertes lluvias desbordamiento del río. Referencia del siniestro 2022/15/00843.*

*Documento número 3 Resumen Comunicación de daños registrada por el Consorcio de Compensación de Seguros.*

*4°/ El 9 de enero de 2023 se confeccionó a instancia del exponente por XXX, Arquitecto Técnico e Ingeniero de Edificación, informe de los daños producidos por la inundación sufrida en mi vivienda derivada de la incidencia registrada en el Río Sar. Documento número 4 Informe de valoración de daños.*

*5°/ En tanto se tramitaba el expediente de daños del Consorcio de Compensación de Seguros me ví en la necesidad de recordar en distintas ocasiones al Concello de Santiago su obligación de realizar la limpieza del Río Sar y de sus márgenes, así como la de realizar trabajos de mantenimiento para evitar que se pudiera volver a repetir la inundación de mi vivienda.*

*Así existe constancia documental relativa a que al menos desde el 15 de febrero de 2023 hasta el 16 de marzo de 2023 -durante más de un mes- el exponente se dirigió en numerosas ocasiones al Concello de Santiago para hacerle llegar fotografías que recogían el estado de abandono del Río Sar y la existencia de maleza y ramas que sin duda alguna volverían a provocar que el Puente de Suarribas se atascase de nuevo con la llegada de las lluvias e inundase otra vez la vivienda del exponente. Por medio de interminables gestiones intenté que el Concello de Santiago asumiera su obligación de limpieza y mantenimiento del Río Sar con objeto de evitar la inundación de mi vivienda y los daños y perjuicios que ello me podría ocasionar.*

*Documento número 5 comunicación mediante WhatsApp con el Concello y fotografías que recogen el deficiente estado de conservación y mantenimiento del Río Sar.*



6°/ El 11 de junio de 2023 el Consorcio de Compensación de Seguros me envió la valoración definitiva de los gastos complementarios y la relación de daños producidos en mi vivienda por la inundación tanto relativos al continente como al contenido, ascendiendo la indemnización propuesta a la cantidad de 28.149,25 euros. indemnización que en realidad sólo abarca una parte de los daños materiales provocados por la inundación pero no otros conceptos que quedan fuera de la misma como son entre otros todos los relativos a la existencia de importantes daños morales.

Documento número 6 valoración de gastos y daños efectuada por el Consorcio de Compensación de Seguros.

7°/ Pese a los reiterados requerimientos realizados por el exponente al Concello de Santiago en el sentido de que de no cumplir con su obligación de limpieza y mantenimiento del Rio Sar se produciría, sin duda alguna, otra inundación en mi vivienda, esto volvió a suceder el 18 de septiembre de 2023 cuando a consecuencia de las lluvias registradas ese día se produjo una segunda inundación en la vivienda del exponente que motivó la intervención de la Policía Local de Santiago. Nuevamente el puente de la rúa Suarribas se había desbordado por estar lleno de ramas inundando mi vivienda. Sobre las 2,37 horas de ese día 18 de septiembre interesé la intervención de la Policía Local para denunciar que debido a la subida del caudal del rio entró agua en mi vivienda. Una vez que la dotación policial accedió al interior de la vivienda "detectó un fuerte olor a aguas fecales, el bajo se encontraba inundado con una altura de un metro de agua. El bajo se encontraba todo inundado". La Policía cortó el acceso al puente procediendo a realizar fotografías de todo lo señalado: estado del puente y del domicilio. Documento número 7 Atestado policial.

8°/ Apenas habían transcurridos tres meses desde que el Consorcio de Compensación de Seguros facilitó al exponente la propuesta de indemnización por el primer siniestro derivado de la inundación, cuando me vi en la obligación de iniciar un nuevo expediente de valoración de los daños ocasionados en mi propiedad por una segunda y más que previsible inundación, que sólo el Concello de Santiago no quiso ver que se iba a producir. Estamos ante un absoluto desinterés del Concello de Santiago en el cumplimiento de sus obligaciones con resultado de daños y perjuicios en los bienes de sus ciudadanos.

En la fecha de esta segunda inundación 18 de septiembre de 2023 tenía contratada una póliza de seguro de hogar con la compañía Mutua Madrileña de Seguros. De manera inmediata di parte al Consorcio de Compensación de Seguros, causa de los daños Inundación Extraordinaria, fuertes lluvias. Número de referencia 2023/15/01132 vivienda rúa XXX y número de referencia 2023/15/01133 vivienda rúa XXX. Documento número 8 Resumen Comunicación de daños registrada por el Consorcio de Compensación de Seguros.



*El 26 de septiembre de 2023 el Consorcio comunicó la valoración de los daños indemnizables que ascendieron a 17.966,40 euros (vivienda A) y a 2.925 euros (vivienda B).*

*Documento número 9 valoraciones de daños efectuadas por el Consorcio de Compensación de Seguros.*

*Como ya sucedió en el primer expediente de valoración de daños por la inundación, en esta segunda inundación tampoco la indemnización recibida cubre más que una parte de los daños producidos al no atender a otros conceptos que forman parte del contenido de los daños y perjuicios sufridos (daños morales, gestiones inacabables, sufrimientos, impotencia ante la reiteración de denuncias, abono de tasas por cada uno de los atestados policiales instruidos importe de 71 euros, etc, etc).*

*9º/ Desde la fecha de la segunda inundación de mi vivienda -hecho que era absolutamente previsible sino actuaba la administración municipal cumpliendo sus obligaciones- he tenido que continuar de manera insistente interpellando al Concello de Santiago para que cumpla con su obligación de limpieza y mantenimiento del Rio Sar para evitar una tercera inundación cuando las lluvias prácticamente aún no han aparecido.*

*Vía WhatsApp comuniqué al Concello desde el 20 de septiembre de 2023 la existencia de ramas en los bordes del Rio Sar con fotografías ilustrativas de la situación. Ramas que si no se limpian acabarán en el Puente de Suarribas atascándolo de nuevo. Documentos números 10 y 11.*

*Vía Registro del Concello de Santiago solicité el 26 de septiembre de 2023 los informes del servicio municipal de Parques y Jardines y de Víaqua relativos a la limpieza del rio Sar en la zona de Suarribas -sin que se me entregaran-, el 2 de octubre de 2023 solicité nuevamente los informes de limpieza del Rio Sar y el 3 de octubre de 2023 efectué solicitud para que se retiraran las ramas que se dejan en el contorno del rio Sar tras la limpieza del mismo por el evidente riesgo de que haya una crecida del caudal del rio y se lo lleve rio abajo atascando el puente de Suarribas interesando que retiraran lo antes posible las ramas existentes en el borde del rio. Es decir, el Concello de Santiago no realiza las labores de limpieza del río y, cuando las realizan, dejan los restos de la limpieza -ramas, troncos...- en la orilla con lo que con la aparición de las lluvias volverán al rio y atascarán nuevamente el puente de Suarribas produciéndose una tercera inundación, que será previsible y responsabilidad del Concello de Santiago. Documentos números 12, 13 y 14 solicitudes registradas en el Concello de Santiago.*

*10º/ Por su evidente interés social al estar involucrado el Concello de Santiago la noticia de la inundación de mi vivienda ha tenido un gran eco en la prensa*



*provincial mereciendo destacados titulares tales como: "Reiteradas inundaciones en Santiago: era evidente que volvería a pasar", "las lluvias revelan la falta de solución a los puntos negros de inundaciones""Si el año pasado nos gastamos 30.000 euros en reparaciones, ahora no quiere ni pensarlo" La Voz de Galicia 19 de septiembre de 2023;*

*"¿Cómo pueden decir que el río está limpio? En cuanto llueva se desbordará de nuevo" La Voz de Galicia 27 de septiembre de 2023;*

*"Vecinos del Sar critican que se dejen los árboles cortados en la orilla del río", La Voz de Galicia 9 de octubre de 2023. Documento número 15 artículos periodísticos.*

*11º)/ Con todos los antecedentes señalados en este escrito me veo en la obligación de formular la presente queja ante la Valedora do Pobo de Galicia frente al Concello de Santiago con objeto de que se garanticen y defiendan mis derechos constitucionales como ciudadano y el principio de buena administración para que se investiguen las irregularidades y negligencias cometidas en el cumplimiento de sus obligaciones de limpieza del Río Sar y de su mantenimiento regular, ordenando corregir su actuación para evitar daños y perjuicios como los tenidos que soportar por el exponente a consecuencia de las dos inundaciones sufridas en su vivienda por el desbordamiento del citado río."*

A queixa foi tramitada na forma prevista na Lei 6/1984, do 5 de xuño, reguladora da institución da Valedora do Pobo, solicitamos informe a ese concello, valoramos toda a información e a documentación recibida e realizamos as actuacións pertinentes para garantir o respecto aos dereitos potencialmente afectados.

O 29.05.2024 a Valedora do Pobo formulou ao Concello de Santiago de Compostela unha suxestión e un recordatorio de deberes legais, do tenor que coñecen.

O 18.06.2024 o Concello de Santiago de Compostela remitiu contestación.

Con data de 11.02.2025 recibíuse un novo escrito de XXX no que solicita a reapertura do seu expediente e unha nova supervisión da actuación administrativa que deu lugar á súa queixa por non ter resposta a varios escritos presentados nese concello en diferentes datas.

Con data 26.03.2025 o Concello de Santiago de Compostela remitiu o seguinte informe:

*"En relación coa queixa presentada por XXX referida as inundacións que sufriu na súa vivenda por mor dos desbordamentos do río Sar ao seu paso pola ponte de Suarribas*



que atribúe á acumulación de maleza no cauce informouse en xaneiro de 2024 o seguinte:

“Parte da vivenda situada no XXX atópase nunha zona inundable nos supostos de crecida do río Sar, circunstancia sobradamente coñecida polo reclamante toda vez que o inmueble incorpora un antigo muiño de auga.

O Regulamento del Dominio Público Hidráulico (RD 638/2016), no seu artigo primeiro modificou o apartado 1 do artigo 14 coa seguinte redacción: “Se considera zona inundable los terrenos que puedan resultar inundados por los niveles teóricos que alcanzarían las aguas en las avenidas cuyo periodo estadístico de retorno sea de 500 años, atendiendo a estudios geomorfológicos, hidrológicos e hidráulicos, así como de series de avenidas históricas y documentos o evidencias históricas de las mismas en los lagos, lagunas, embalses, ríos o arroyos”.

Resulta oportuno mencionar as características do terreo no que se ubica a edificación do reclamante porque pon de manifesto a preexistencia dun risco de inundación derivada de precipitacións de auga de chuvia, que debeu terse en conta á hora de construíla e por tanto adoptar as medidas oportunas para reducir o impacto de futuras avenidas de auga .

Terceiro: unha consecuencia habitual do incremento do caudal de auga derivado das intensas chuvias é o arrastre de elementos vexetais e outro tipo de obxectos que poden chegar a acumularse formando diques eventuais que elevan puntualmente o nivel da auga; a este respecto, no propio informe de Augas de Galicia menciónase que o Concello de Santiago realizou no ano 2022 tarefas de retirada de ramas que obstaculizaban a circulación do caudal da auga e o certo é que o Concello de Santiago ven desenvolvendo estes traballos cada ano de forma preventiva e , tras a produción de fortes choivas, realízanse actuacións de retirada dos restos de maleza e obxectos no cauce dos ríos tal e como coñece o reclamante posto que no tramo próximo a súa edificación estas labores fixéronse durante os meses de setembro a novembro do ano 2023.

Por tanto, o Concello está traballando na mellora da capacidade de retención da auga dando preferencia á restauración do corredor fluvial no seu conxunto, entendendo este ámbito o que integra cauce, ribeira funcional e a súa zona de fluxo preferente e os espazos anexos de ribeiras conservadas, tal e como se pode comprobar no tramo ao que afecta a queixa do XXX.



Non obstante o anterior, convén lembrar que as intervencións nos tramos fluviais urbanos deben axustarse ao establecido na Directiva Marco da Auga e na Estratexia Nacional de Restauración de Ríos que ten como obxectivo compatibilizar o grado de naturalidade e valor ecolóxico e paisaxístico co contexto eminentemente urbano do entorno atravesado polo río. A vexetación exerce unha regulación xeral da conca e efecto de “zona tampón”, protectora da corrente fluvial, reterendo a escorrentía, os sedimentos e os nutrientes e mellorando a resposta do río ante crecidas.

Finalmente indicar que o reclamante tivo contacto directo cos responsables municipais que acudiron á zona en repetidas ocasións durante a execución dos traballos que se mencionan neste informe e incluso con posterioridade en datas recentes.”

Pois ben, dende esa data ata agora, o Concello realizou labores de conservación e mantemento do leito dos ríos que discorren pola zona urbana, esas tarefas vense incrementadas coa retirada de todo tipo de vexetación que, como consecuencia de grandes avenidas de auga producidas polas fortes choivas, poidan reducir a capacidade do río.

Con independencia disto, debemos lembrar o disposto na normativa de aplicación, así, o artigo 2.b) do texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo, establece que os leitos de correntes naturais, continuas ou descontinuas, constitúen o dominio público hidráulico (DPH) do Estado e o artigo 5 que leitos son de dominio privado.

No artigo 6 define que enténdese por ribeiras, as faixas laterais dos leitos públicos situadas por encima do nivel de augas baixas e por marxes os terreos que lindan cos leitos, establecendo unha zona de policía de 100 metros de anchura en cada marxe na que se inclúe unha zona de servidume de 5 m de ancho. O artigo 95 determina que corresponde aos organismos de conca o apeo e deslinde dos leitos do DPH e, unha vez aprobado, o seu marcado físico sobre o terreo.

Consultado o sistema de información xeográfica de Augas de Galicia non consta, dentro do noso termo municipal, o deslinde administrativo do DPH dos leitos públicos. En consecuencia, coa información existente só é posible deducir que o DPH probable son aqueles terreos que non son titularidade de terceiros ou outros dominios públicos e que dita información pode atoparse no sistema de información xeográfica do Catastro dependente do Ministerio de Facenda.



Polo tanto, a conservación fluvial dos leitos de dominio privado e dos terreos das ribeiras e dos marxes dos leitos públicos que se atopan fora do DPH, corresponde aos titulares dos mesmos e non ao organismo de bacía nas zonas non urbanas ou aos concellos nas zonas urbanas.

No caso dos terreos lindeiros ao DPH do noso termo municipal e cuxo estado poida afectar ás condicións naturais do leito ou supor un risco para a seguridade das persoas ou dos bens en situación de legalidade, corresponde a Augas de Galicia, co apoio da súa gardería fluvial e dos seus servizos técnicos, establecer as accións de conservación fluvial que sexan necesarias e requirir aos seus titulares a súa execución ou, no seu defecto, a súa execución subsidiaria.

Citando a Instrución 1/2019 de Augas de Galicia “os traballos de conservación, en tanto que constitúen unha alteración do medio natural, deben ser mínimos, para así evitar repercusións sobre o sistema e poder recuperar ese bo estado ecolóxico (...). Os episodios de asolagamentos son fenómenos naturais inevitables e as accións humanas directas ou indirectas, son as que causan os perigos. Así, na propia normativa do Plan hidrolóxico Galicia- Costa, no artigo 43.1.d), establécese que, sempre e cando non supoña un risco para as poboacións, a Administración hidráulica de Galicia orientará os labores de conservación de leitos ao mantemento das súas condicións naturais, á eliminación de especies invasoras e á recuperación da súa funcionalidade xeomorfolóxica, evitando, en zonas non urbanizadas, as actuacións de dragaxe ou retirada de vexetación cuxa finalidade sexa evitar as inundacións naturais das zonas adxacentes. Dentro da preservación dos sistemas fluviaes, a importancia da conservación das especies características e propias do bosque de ribeira é fundamental para poder prover, entre outros, servizos esenciais para os ecosistemas acuáticos como son as zonas de sombra, que proporcionan refuxios para fauna, para evitar a excesiva penetración de luz nas canles (o que dá lugar á elevada temperatura e insolación que favorecen o crecemento excesivo de macrófitas), ou para exercer a función de filtro natural de substancias contaminantes. Polo tanto, é fundamental o respecto dos corredores de ribeira e iso implica a conservación da estrutura e zonificación tanto vertical como horizontal da vexetación propia de ribeira así como da súa naturalidade. O valor paisaxístico e ambiental dos ríos é indiscutible e, para garantir a súa preservación, cómpre realizar periodicamente labores de conservación. Non obstante, esta é unha cuestión certamente complexa.”.

A directriz cuarta da Instrución 1/2019 establece os criterios relativos ás actuacións ordinarias de conservación e mantemento fluvial en tramos non urbanos e a directriz quinta as actuacións de emerxencia que aplicará Augas de Galicia nas actuacións da súa competencia. En consecuencia, é esperable que estas directrices sexan as que



Augas de Galicia determine para as actuacións de conservación fluvial no DPH que os concellos deban realizar nas zonas urbanas da súa competencia establecidas pola sentenza do Tribunal Supremo.

Na directriz terceira declara “que corresponde aos concellos a realización de actuacións de mantemento e limpeza dos leitos públicos que discorren polas zonas urbanas”. En consecuencia, Augas de Galicia non establece como competencia dos concellos o mantemento e conservación dos terreos fora do DPH nas zonas urbanas que constitúen as ribeiras e marxes dos leitos e que son titularidade de terceiros (parcelas ou outros dominios público).

En conclusión, cómpre resaltar que o Concello de Santiago está a levar a cabo traballos continuos de conservación e mantemento tanto no leito como nas ribeiras e marxes do río na contorna da vivenda do reclamante, co obxectivo de minimizar, na medida do posible, os efectos das grandes avenidas de auga. Estes traballos seguen as directrices da Instrución 1/2019 de Augas de Galicia, que establece que as intervencións no medio fluvial deben ser mínimas para non alteralo innecesariamente, e tamén co fin de recuperar o bo estado ecolóxico do sistema fluvial.

Non obstante, como sinala a normativa vixente, os episodios de asolagamentos son fenómenos naturais inevitables, e as zonas inundables, como a onde se atopa a vivenda do reclamante, requiren que os propietarios adopten as medidas necesarias para minimizar os riscos de inundación. A responsabilidade da administración local queda limitada á conservación e mantemento das infraestruturas públicas, sen que iso implique unha exoneración de responsabilidade sobre as propiedades privadas situadas en zonas de risco.

Así, o Concello continuará realizando labores de conservación e mantemento dentro do seu ámbito de actuación, pero suxerimos ao reclamante que tome as medidas preventivas ao seu alcance, co fin de reducir a vulnerabilidade da súa vivenda ante fenómenos de inundación.”

## ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:



**Primeira:** Posteriormente ao 1 de xullo do 2024, data na que se comunica ao promotor deste expediente a aceptación parcial por parte dese Concello de Santiago, da resolución formulada dende esta institución o 29/05/2024, o promotor deste expediente documentou ter presentado nese concello o seguinte escrito :

03/12/24 N/R 2024071802

Deste xeito, o 11/02/2025, dirixímonos novamente a ese concello, solicitando información sobre a resposta proporcionada, no seu caso, ao escrito que presentara no rexistro municipal o XXX.

O 26/03/2025, (R.E.7536/25) incorporábase o informe do ente local no que consta :

“En relación coa queixa presentada por XXX referida as inundacións que sufriu na súa vivenda por mor dos desbordamentos do río Sar ao seu paso pola ponte de Suarribas que atribúe á acumulación de maleza no cauce informouse en xaneiro de 2024 o seguinte:

“Parte da vivenda situada no XXX atópase nunha zona inundable nos supostos de crecida do río Sar, circunstancia sobradamente coñecida polo reclamante toda vez que o inmovible incorpora un antigo muiño de auga ...”

*(Dase por reproducido dito informe que xa fora trasladado ao promotor deste expediente de queixa, no seu momento.), e continúa dicindo:*

“... Pois ben, dende esa data ata agora, o Concello realizou labores de conservación e mantemento do leito dos ríos que discorren pola zona urbana, esas tarefas vense incrementadas coa retirada de todo tipo de vexetación que, como consecuencia de grandes avenidas de auga producidas polas fortes choivas, poidan reducir a capacidade do río.

Con independencia disto, debemos lembrar o disposto na normativa de aplicación, así, o artigo 2.b) do texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo, establece que os leitos de correntes naturais, continuas ou descontinuas, constitúen o dominio público hidráulico (DPH) do Estado e o artigo 5 que leitos son de dominio privado.

No artigo 6 define que enténdese por ribeiras as faixas laterais dos leitos públicos situadas por encima do nivel de augas baixas e por marxes os terreos que lindan cos



leitos, establecendo unha zona de policía de 100 metros de anchura en cada marxe na que se inclúe unha zona de servidume de 5 m de ancho. O artigo 95 determina que corresponde aos organismos de conca o apeo e deslinde dos leitos do DPH e, unha vez aprobado, o seu marcado físico sobre o terreo.

Consultado o sistema de información xeográfica de Augas de Galicia non consta, dentro do noso termo municipal, o deslinde administrativo do DPH dos leitos públicos. En consecuencia, coa información existente só é posible deducir que o DPH probable son aqueles terreos que non son titularidade de terceiros ou outros dominios públicos e que dita información pode atoparse no sistema de información xeográfica do Catastro dependente do Ministerio de Facenda.

Polo tanto, a conservación fluvial dos leitos de dominio privado e dos terreos das ribeiras e dos marxes dos leitos públicos que se atopan fora do DPH, corresponde aos titulares dos mesmos e non ao organismo de bacía nas zonas non urbanas ou aos concellos nas zonas urbanas.

No caso dos terreos lindeiros ao DPH do noso termo municipal e cuxo estado poida afectar ás condicións naturais do leito ou supor un risco para a seguridade das persoas ou dos bens en situación de legalidade, corresponde a Augas de Galicia, co apoio da súa gardería fluvial e dos seus servizos técnicos, establecer as accións de conservación fluvial que sexan necesarias e requirir aos seus titulares a súa execución ou, no seu defecto, a súa execución subsidiaria.

Citando a Instrución 1/2019 de Augas de Galicia “os traballos de conservación, en tanto que constitúen unha alteración do medio natural, deben ser mínimos, para así evitar repercusións sobre o sistema e poder recuperar ese bo estado ecolóxico (...). Os episodios de asolagamentos son fenómenos naturais inevitables e as accións humanas directas ou indirectas, son as que causan os perigos. Así, na propia normativa do Plan hidrolóxico Galicia- Costa, no artigo 43.1.d), establécese que, sempre e cando non supoña un risco para as poboacións, a Administración hidráulica de Galicia orientará os labores de conservación de leitos ao mantemento das súas condicións naturais, á eliminación de especies invasoras e á recuperación da súa funcionalidade xeomorfolóxica, evitando, en zonas non urbanizadas, as actuacións de dragaxe ou retirada de vexetación cuxa finalidade sexa evitar as inundacións naturais das zonas adxacentes. Dentro da preservación dos sistemas fluviaes, a importancia da conservación das especies características e propias do bosque de ribeira é fundamental para poder prover, entre outros, servizos esenciais para os ecosistemas acuáticos como son as zonas de sombra, que proporcionan refuxios para fauna, para evitar a excesiva penetración de luz nas canles (o que dá lugar á elevada temperatura



e insolación que favorecen o crecemento excesivo de macrófitas), ou para exercer a función de filtro natural de substancias contaminantes. Polo tanto, é fundamental o respecto dos corredores de ribeira e iso implica a conservación da estrutura e zonificación tanto vertical como horizontal da vexetación propia de ribeira así como da súa naturalidade. O valor paisaxístico e ambiental dos ríos é indiscutible e, para garantir a súa preservación, cómpre realizar periodicamente labores de conservación. Non obstante, esta é unha cuestión certamente complexa.”.

A directriz cuarta da Instrución 1/2019 establece os criterios relativos ás actuacións ordinarias de conservación e mantemento fluvial en tramos non urbanos e a directriz quinta as actuacións de emerxencia que aplicará Augas de Galicia nas actuación da súa competencia. En consecuencia, é esperable que estas directrices sexan as que Augas de Galicia determine para as actuacións de conservación fluvial no DPH que os concellos deban realizar nas zonas urbanas da súa competencia establecidas pola sentenza do Tribunal Supremo.

Na directriz terceira declara “que corresponde aos concellos a realización de actuacións de mantemento e limpeza dos leitos públicos que discorren polas zonas urbanas”. En consecuencia, Augas de Galicia non establece como competencia dos concellos o mantemento e conservación dos terreos fora do DPH nas zonas urbanas que constitúen as ribeiras e marxes dos leitos e que son titularidade de terceiros (parcelas ou outros dominios público).

En conclusión, cómpre resaltar que o Concello de Santiago está a levar a cabo traballos continuos de conservación e mantemento tanto no leito como nas ribeiras e marxes do río na contorna da vivenda do reclamante, co obxectivo de minimizar, na medida do posible, os efectos das grandes avenidas de auga. Estes traballos seguen as directrices da Instrución 1/2019 de Augas de Galicia, que establece que as intervencións no medio fluvial deben ser mínimas para non alteralo innecesariamente, e tamén co fin de recuperar o bo estado ecolóxico do sistema fluvial.

Non obstante, como sinala a normativa vixente, os episodios de asolagamentos son fenómenos naturais inevitables, e as zonas inundables, como a onde se atopa a vivenda do reclamante, requiren que os propietarios adopten as medidas necesarias para minimizar os riscos de inundación. A responsabilidade da administración local queda limitada á conservación e mantemento das infraestruturas públicas, sen que iso implique unha exoneración de responsabilidade sobre as propiedades privadas situadas en zonas de risco.



Así, o Concello continuará realizando labores de conservación e mantemento dentro do seu ámbito de actuación, pero suxerimos ao reclamante que tome as medidas preventivas ao seu alcance, co fin de reducir a vulnerabilidade da súa vivenda ante fenómenos de inundación.”

**Segunda:** nada consta en dito informe sobre a resposta que o ente local proporcionara ao promotor desta queixa ao escrito presentado no rexistro municipal polo XXX o 03/12/2024.

**Terceira :** tanto o artigo 103 da Constitución Española como o artigo 3 da Lei 40/2015, o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establecen que a Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á Lei e ao Dereito.

Así, o marco xurídico vixente configura un sistema de garantías da cidadanía na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio destes dereitos.

O artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas regula os “Dereitos da persoa interesada no procedemento administrativo”, entre eles: a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados (...).

En calquera caso a Administración está obrigada a responder á cidadanía que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas.

**Cuarta:** Esta institución, atópase especialmente vinculada polo disposto no artigo 20, último parágrafo, da Lei 6/1984, de 5 de xuño do Valedor do Pobo, segundo o cal en calquera caso velará por que a Administración resolva expresamente, en tempo e forma, as peticións e recursos que lle foron formulados.

Sobre a base das argumentacións expostas, resolveuse formular a seguinte:

## CONCLUSIÓN



Por todo o anterior, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Santiago de Compostela o seguinte **recordatorio de deberes legais**:

*“Recordámoslle que de conformidade co disposto na normativa de réxime local e de procedemento administrativo debe contestar expresamente ao escrito presentado polo promotor deste expediente de queixa se non o tivera feito na data en que reciba esta resolución e en xeral, no seu caso, os escritos presentados pola cidadanía”.*

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Reciba un atento saúdo,

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo (en funcións)